

Correspondencia europea a un arqueólogo galego: Ramón Sobrino Lorenzo-Ruza (1915-1959)

ÁNGEL NÚÑEZ SOBRINO

Recibido en Setembro de 2011

Aceptado en Abril 2012

*A Héitor Picallo Fuentes,
investigador, debuxante, historiador.*

Aquel que dirixía as obras de San Martiño Pinarío fronte á Rúa dos Loureiros; aquel que frecuentaba a carballeira da Finca de Poio acompañado dun bo libro; aquel que escribía a máquina as súas próximas publicacións na terraza alta (que daba ao xardín) da Finca de Poio; aquel ávido lector que cun abridor antigo abría as páxinas dos libros intonso; aquel que encargou e deseñou a construción dun pozo de auga xunto ao camiño da viña cara á carballeira; aquel que paseaba fins de semana nas Torres de Figueiroa (Abegondo) convidado polos marqueses; aquel que ía no taxi de Miranda a ver as escavacións do Morrazo unha vez rematadas (a súa reconstitución suprema e gloriosa); aquel que trazaba os planos dos chalés da Rosaleda naquela mesa plana xunto á fiestra da Rúa do Vilar; aquel que recibía abondosa correspondencia europea, portuguesa sobre todo; aquel que quedou ao coidado de Castelao coa súa nai e irmás cando o seu pai se atopaba en París e Londres estudando o máis recente da prehistoria europea e entrevistándose con sabios europeos; aquel que se hospedaba na Rúa Viriato, nº 22, 1º, de Madrid estudando para Aparellador, compaxinándoo despois coa carreira de Medicina en Santiago; aquel que se iniciara na psicoloxía de K. G. Jung; aquel que deseñou as escaleiras interiores da casa dos Ferreirós en Poio; aquel que deseñara unha lámpada de pé para a sala da súa irmá Clarita; aquel que medira con maxistral exactitude a extensa finca das Cerdeiras en

Cequeril; aquel que recibía libros da prehistoria europea contrarrembolso no Santiago dos anos 50; aquel que podería ser considerado un membro epígono do “Seminario de Estudos Galegos” na sé do “I. P. Sarmiento”; aquel arqueólogo morría de repente, silenciosamente, na madrugada do 3 de febreiro de 1959 en Santiago de Compostela. Unha vida interesante de xestións, de feitos, de comportamentos, e de publicacións, ou o que é o mesmo, de momentos acadados, de producións fecundas, de achegas imprescindibles á cultura galega da súa época... e á posterior da súa existencia... tal e como acontece agora.

Ramón Sobrino Lorenzo-Ruza cara ao final da súa vida estaba a escribir unha historia da prehistoria galega, e tiña esa obra gardada por capítulos dentro de sobres diversos. Que significaba isto dentro da súa traxectoria intelectual? Diversas consideracións: que as súas investigacións lle deron oportunidade para revisar e reler a fondo todas as achegas galegas sobre o tema. Un propósito de “addenda”, pero tamén de “corrigenda” sen dúbida. Outra cuestión sería a diacronía ao constituír el mesmo a representación rigorosa dunha sincronía: ao ser el o protagonista da investigación galega máis importante dentro do mundo dos petróglifos: unha excepción con produción propia. Esta nova déunola un curmán seu tamén con inquedanzas intelectuais e un brillante futuro profesional: Jesús Ruza Tarrío (1932-2009). O antecedente temos que buscalo na “Visión y

observaciones sobre historia primitiva en Galicia”. Os magníficos debuxos dos que demos conta noutra publicación son a manifestación dun dominio e dun gusto sobre o tema, a súa constante vocación, pero tamén tanto esmero e resultado de perfección temos que atopalo nun plan: o de ser “a gran ilustración” para un *Corpus* seguinte, diferente, case seguro, ao mítico do seu pai.

Outro tanto teríamos que comentar da totalidade dos seus negativos en xelatina que se conservan e que din conta detallada en anterior publicación. Sobre esta cuestión cómpre facermos as seguintes preguntas: 1º Pretendería publicar outro *Corpus* coas fotografías tiradas por el dende 1935? Ou pretendería publicar o volume 2º do “Corpus” do seu pai, achegando o material abondoso deixado por el, ou unha mestura, seleccionada e sistemática, dos materiais de ambos? Dende logo que a súa inmensa actividade como fotógrafo obedecía á base material dunha actividade investigadora, 2º unha exhaustividade documental e documentada aos xacementos dos petróglifos, 3º o cumprimento satisfactorio dunha formidable vocación, 4º o documento gráfico ao carón da súa plena disposición científica... e todo isto implica un proxecto ambicioso: falamos do outro gran libro dos petróglifos de Galicia, e que a morte llo impediu.

Dito doutro xeito: Galicia como un espléndido espazo milenario de ensaio da investigación, e Europa como realización, como esa amplitude, esa anchura que completaba en dialéctica gráfica e biográfica toda a traxectoria fecunda

dunha investigación rigorosa. Ramón Sobriño Lorenzo-Ruza dispúñase nada menos que a executar a práctica de Europa por medio a *Beca* da “Fundación Juan March”. Degoraba completar un *Corpus* cos gravados escoceses, ingleses, irlandeses, porque “el fin de esta investigación es establecer de una manera clara y definitiva su relación con los grabados gallegos y del Norte de Portugal, del mismo tipo y de la misma fecha”, como el mesmo escribiu.

REXISTRO E ESQUEMA: “JUNTA PARA LA AMPLIACIÓN DE ESTUDIOS”

O arqueólogo aparece nomeado no *Índice Histórico Español*, elaborado pola Universidade de Barcelona (1953), e tanto o pai coma o fillo saen rexistrados no benemérito *Diccionario Biobibliográfico de Escritores*, 3 tomos, “Editorial de los Bibliófilos Gallegos”, 1951. Pero tamén o Dr. D. Ramón Sobriño Buhígas xa aparece na célebre Enciclopedia *Espasa-Calpe*, cara a 1931. O primeiro xa fora a Europa, en concreto a Londres e a París, cunha *Beca* para a “Junta de Ampliación de Estudios”, con domicilio oficial en Almagro, 28, Madrid. A xeito de curiosidade biocultural, a súa residencia alí era a seguinte: “Powerscourt, 70 & 72 Westbourne Terrace, Hyde Park, London, W.2.”; en París a seguinte: “Hotel des Thermes, 34, Rue de Saint-Jacques, Paris V., France”. Un dos resultados é que achegou á investigación nada menos que 482 referencias biobibliográficas, algo inaudito para a súa época. Xa sospeitaba Sobriño Buhígas con soberano acerto as conexións internacionais



Ramón Sobriño Lorenzo-Ruza.
Morillas. Campo Lameiro.
Foto de C. Paratcha. Ca. 1958.

entre os petróglifos (por así dicilo). Entresacamos: “Ademais hai que sinalar algunhas semellanzas que se dan entre algúns signos, por exemplo os que aparecen na Pedra Redonda (Carballedo) e na pedra central do túmulo de Bryn-Celli (Anglesey, Gales) que estudou a fondo W. J. Hemp; entre algúns dos signos do penedo que se chama Pedra da Boullosa (Fragas) e outros de túmulo de Loughcrew (Irlanda); entre algún dos penedos de Longo do Souto (Pazos de Borbén) e os escudos da Idade do Bronce que vimos no Museo Británico” (tradución do latín ao galego de Xosé Souto Blanco). Chega como mostra elocuente. Sinalamos de paso a orientación de Sobrino Buhígas sobre todo ao mundo anglosaxón (sen nos esquecer do francés) de todos os xeitos.

Intento sinalar con isto que Ramón Sobrino Lorenzo-Ruza absorbería influencias, e dende douts e interesantes conversas ata correspondencia inglesa e francesa á Rúa do Vilar 67, 1º dereita, de Santiago de Compostela, de xeito que o noso arqueólogo –mozo aínda– non só tiña unha formación biobibliográfica estrita, europea, galega (e... española), senón que tamén unha experiencia de ser durante tres décadas da súa vida o seu acompañante excepcional coa percepción atenta e o intelecto capacitado completamente, sobre todo a partir de 1946, en que falece o seu pai. E o seu propio pai tivo que comentarlle o goce de Europa vivido por el dende a Cultura e a convivencia, os descubrimentos e os inesquecibles tratos sociais con elegancia e inquedanzas culturais diversas. E deuse un paradoxo: dunha parte, o pai viña de Europa ateigado de saberes e de verificacións; e da outra parte, o seu fillo ía ir a Europa, onde lle agardaban sorprendidos e amables os outros arqueólogos alleos, seguro, ao celo competitivo e ao “esquezo” dos méritos dos demais para así reparar máis.

UN MUNDO DE CONTACTOS

Existe unha oscilación entre o mundo do trato humano, dos compañeiros dun oficio común, os coincidentes nunha profesión, os colegas, os coñecidos pola frecuencia do trato, que poden ser os veciños, ou os que nos atopamos en numerosas ocasións na compra, na cafetería ou no paso dominical. E moito máis aló nesta ondulación reside a verdadeira amizade, cunha solidez completa e co seu tempo longo



Separata dedicada por Eoin Macwhite ao arqueólogo en 1946. Preludio a un contacto do que sería a súa viaxe a Irlanda en 1959. Mentres tanto, intercambio con Europa.

—o avoengo dos lustros— e que proporciona a seguranza, a motivación e a afectividade tan necesarias á vida e que foi loado por Aristóteles. Cara ao medio xorde o complexo abano dos contactos, e que no mundo da cultura son capitais, porque non é só o intercambio de coñecementos, tamén é a conversación daquelas persoas que achegaron ese produto valioso. A carta dende o Renacemento, e incluso antes, resultou ser o primeiro vehículo de coñecementos como material escrito enviado a outra persoa similar, e con capacidade sobrada para interpretar esa mensaxe. *Podémonos referir á antropoloxía do contacto.* Así, a relación comeza por un asunto en común con encontros, despois o aproveitamento intelectual para unha misión, a continuación a dirección correcta cara a unha función, a empatía e o ideal común (ou o proxecto e o labor) transformado nunha tarefa executada entre actividades, entre culturas ou *entre nacións*, a práctica dunha aproximación con pleno éxito, e finalmente a coincidencia nunha diferenza.

Ramón Sobrino Lorenzo-Ruza mantería contacto entre *nacións*, e isto nel era unha actividade vella e acostumada con personaxes novos, ou cando menos recentemente tratados. A súa viaxe a Inglaterra e a Irlanda era unha viaxe preparada, merecida e degorada. Alí non ía a estar só, nin moito menos. Extractamos

algo do seu Expediente que obra na “Fundación Juan March”:


“La marcha de la investigación ha de ser a partir de Londres. Allí conoce al aspirante profesor Lacaille, del *Welcome Medical Historic Museum*, a quien trató en el *Curso Internacional de Arqueología de Campo de Santander* celebrado en el año 1955, en el mes de agosto, y que a su conclusión vino conmigo a Galicia”.

Por medio del Abate Henri Breuil el aspirante que suscribe ha conocido al Profesor Miles Burckit, y con el cual se pondrá en comunicación desde Londres. Cree el que suscribe, que con estos dos Profesores, y con la Señorita Illyd Anthony, del Museo de Bath, a quien tanto conoce y trata personalmente, puede establecer un plan de trabajo, para dedicar aproximadamente un mes de tiempo. El estudio de esta zona en donde han aparecido grabados, tales como los de Stonehenge, y recientemente en Gales, los de Tingatel, es necesario, para el mejor conocimiento de la cuestión. Una visión completa de la Prehistoria inglesa la tenemos desde el año 1949, en que compramos, como acredita la adjunta carta de Alfred Wilson Limited, el libro de W. C. Childe “Prehistoric Communities of the British Isles”.


“Conocemos personalmente al Profesor R. J. C. Atkinson, de Cardiff, a quien hemos tratado en Santiago de Compostela, unos días antes del Congreso Internacional de Prehistoria de Madrid. El profesor Stuart Piggot, también

de la Universidad de Cambridge, y el Profesor Powell, de la de Liverpool, han recibido separatas de trabajos del que suscribe. También Sir Caryl Fox, del Museo de Cardiff.

Da práctica europea pasamos á vivencia de Europa. Para comezar unha viaxe de estudos, rigorosa, implica ter as cousas ben nidias e esquematizadas, porque senón se pode perder un tempo chave en todo isto: é un traballar contra o calendario. Este tipo de viaxes de estudos e/ou de investigación parécese moito ao complexo proceso da creación, porque, en verdade, crean un valioso acontecemento na vida do investigador. Segundo un coñecido texto de García-Sabell en razón aos “Debuxos Negros” de Castelao (ed. Galaxia), o proceso creador só se pode sistematizar: preparación, incubación, inspiración e verificación. Algo semellante ocorre aquí: *preparación*: lectura de libros, correspondencia, trato directo, intuicións, adiviñacións, conferencias telefónicas... *A iniciación*: a apertura ao proxecto, a idea que bate gozosa dentro da mente, a ansia teleolóxica, o amor incondicional cara a todo o que sexa amplo, fecundo e profundo. *A inspiración*: os aliñamentos luminosos dun investigador, os trazos atinados dese camiñar directo e recto cara a iso que lle provoca interese e inqueda —no noso arqueólogo os petróglifos—, o disparo de éxito... o que conduce ao achado ategado de datos e de comprobacións. Finalmente, *a verificación*: o pasaporte, a Em-



Mámoa de Lobán, Samarugo, Vilalba, Lugo. Posiblemente debuxadas no Museo de Lugo. Isto dános outra faceta súa: o mundo megalítico e neolítico trazados e estudados co rigor non acostumado.



Petróglifo do Outeiro do Cogoludo 14-IX-52. Campo Lameiro e as súas parroquias coñecidas no Casarío familiar próximo de Santa María de Cequeril.

baixada de Inglaterra en Madrid, as cartas de presentación, os cadernos, os aeroportos, o gozoso ollar cara á paisaxe... colmada de insculturas rupestres. E naturalmente o encontro gozoso entre aqueles colegas que o recibirían cos brazos abertos nunha “Inglaterra renacente e optimista”: óptimo espazo para un científico con formación anglosaxona.

Pertencía Ramón Sobriño Lorenzo-Ruza ao que denomino “Home-biografía”. A súa conduta provenlle, e ao mesmo tempo vai encareirada, cara á satisfactoria realización persoal, convertendo o seu mero latexar biolóxico nun feixe de sucesos interesantes, enriquecedores, exemplares, valiosos ou simplemente de achegas. Aquí radica e habita esa dimensión sociolóxica e antropolóxica que é a minoría, tan odiada dende o resentimento, pero tan apreciada dende o plano da cultura, e igualmente dende o esforzo persoal, da disciplina, do rigor, do sacrificio, do ascetismo, máis tamén do refinamento, do goce da esixencia, do bo gusto, do espiritual, do selecto, do raro, do atrevido e creador. E como elementos de compañía: o traballo e o adianto, e tamén, claro, os convites que se reciben como consecuencia dobre: dunha parte que un non se atopa no seu país, e doutra parte que xurdiu, frutífera, a empatía con colegas, e para unha profunda ou erudita conversa.

Cal foi a orixe de que lle concedesen esa *Beca* da Fundación Juan March?

“Fue por el diario ABC de Madrid, de fecha del 13 de Junio del corriente año, se ha enterado de la convocatoria de becas de la Fundación Juan March, para estudios e investigaciones en el extranjero, y deseando le sea concedida una

beca, para realizar estudios que por de prehistoria quedan comprendidos en el Grupo VI de la clasificación que en dicha convocatoria se establece, es decir, en el correspondiente a las ciencias sagradas, filosóficas e históricas, durante un tiempo de cuatro meses, en las Islas Británicas [Seguen os formalismos]. Santiago, a veintisiete de Agosto de 1958. R. Sobriño”.

Se se me permite unha intromisión autobiográfica, o ABC adquiríao a miña avoa todos os días e líao de principio a fin. Eu despois aproveitaba e arrincaba os artigos literarios de colaboración, que eran magníficos, e cando tiña moitos encadernáboas en varios tomos. Para min era magnífico.

Unha misión moi importante en Sobriño Lorenzo-Ruza era que ía a internacionalizar alí os petróglifos galegos coa ocasión dos seus estudos coidados e respectados dos petróglifos e monumentos megalíticos con vallas ao redor, e con camiños trazados a propósito para observalos, había intentar facer o mesmo en Galicia, adiantándose deste xeito en décadas aos valados existentes agora en Mogor e nos Ballotes (Carril), como exemplos. Co seu cargo de Comisario Local e os seus poderes segu-ro que o tería conseguido.

O “home-biografía” aliméntase sobre todo de acontecementos, e acontecementos dende a cantidade e dende a calidade. Téñase en conta que o home é unha criatura que é capaz de crear acontecementos, e o acontecemento é a arma contra a morte, o esquezo ou a mediocridade. É incontestable a afirmación de Claude Romano en “*L'événement et le monde de choses*”, Presses Universitaires de Frances (P.U.F.), Paris (2ª ed., 1999):

“Le monde dans lequel nous naissons et qui forme l’horizon de toutes nos conduites humaines n’est seulement un monde de choses, mais un monde d’événements”.

As características de este tipo de home, non abundante, é a vontade, o viaxar, unha especial enerxía, a dispoñibilidade económica en acto acertado e fecundo, e o convencemento de que a obra creada habería permanecer despois da súa morte.

O home biografía ama a investigación como especial acontecemento do intelecto: neste terreo calquera achado écheo de ledicia, dun novo empuxe. Sabía Sobriño Lorenzo-Ruza como foron gravados os petróglifos? Dende as leccións do seu pai, o Dr. D. Ramón Sobriño Buhigas, afirmamos que si. Podemos afirmar que a súa colección de minerais é magnífica: velaí que fose un dos aspectos da súa *Cátedra* do Instituto de Pontevedra. Detrás de dúas fotografías pódese ler: “De izda. a derecha: Berilo usado para grabar las insculturas o petróglifos. 2 El metal berilo obtenido por Siemens a partir de berilos de Pontevedra. 3 Berilo sin localidad (verdoso). 4 Berilo prismático de Valga (amarillento). 5 y 6 Maclas de berilo. El ejemplar nº 5 es esmeraldino. De izda. a dcha. 1 Pegmatita gráfica pulimentada. 2 Trozo de Berilo metal obtenido de Berilos de Pontevedra. 3 y 4 Berilos vistos en sección base (el 4 es de Valga). 5 y 6 Maclas de Berilos. 7 Berilo desgastado por servir para grabar petroglifos”. Endexamais a mineraloxía e a arqueoloxía se deron así a man.

Outra característica do home biografía é a sociabilidade como elemento creativo da vida. O trato humano como elemento novo, a estrear, considéroo unha das experiencias máis transcendentales da existencia humana. O home bioloxía só se relaciona cos seus parentes, non sae dese círculo, e isto con frecuencia vese nas aldeas e nos municipios trazados convencionais e “ortodoxos”. O home biografía atopa niso unha plenitude: unha visión nova coa que se enriquecer no universo. Sociabilidade e produción poden camiñar xuntas: é máis, constitúe en si mesmas un premio mutuo. Conservamos sobre isto dúas postais de Nadal da señorita Illyd Anthony do Museo de Bath ao arqueólogo: “Con muchos saludos y con experiencia que Ud. Posee [sic] un felices Navidades”; e a

outra: “Con mi mejor recuerdo y saludos por la Navidad y el Año 1955”. Intuímos que este será o contacto que con máis ilusión iría gozar en Gran Bretaña.

O ARQUEÓLOGO PONTEVEDRÉS COMO LECTOR

Esta clasificación convén tela en conta para unha comprensión da actividade intelectual do noso arqueólogo. Podemos considerar ao lector como aquel que le sen máis e asimila. O lector que incorpora o lido a unha explicación didáctica posterior ou a unha investigación propia, a unha indagación con resultados rigorosos e verificables, no avece claro e, finalmente, o lector que engade e/ou corrixe textos e imaxes. Estas etapas pasounas Ramón Sobriño Lorenzo-Ruza: como por exemplo, lector de Baroja, su novelista preferido; como autor de traballos, o de “Origen de los petroglifos gallego-atlánticos” (crítica das teses de Obermaier), e no terreo que agora nos interesa como anotador curioso en determinadas páxinas e láminas completándoas. Como testemuño, isto: “Investigaciones arqueológicas en el Sahara occidental y centro meridional”, por Henri Lhote, do Musée de de l’Homme de Paris, e publicado en *Cuadernos de Historia Primitiva*, cuxo Director era D. Julio Martínez-Santaolalla, e organismo do cal o noso arqueólogo era o Secretario coa súa sé en Galicia, e o Director Carlos Alonso del Real.

Temos bos motivos para afirmar que Ramón Sobriño Lorenzo-Ruza se interesaba pola filosofía da cultura. A cultura como fondo que contén –e sostén– progresións posteriores. Acontece coa cultura a revelación, o tránsito e o logro. Non temos máis que ver para isto a copiosa e variada bibliografía que emprega sobre todo nas súas últimas publicacións, pero dun xeito especial nos libros da súa biblioteca. Velaquí algúns: *Arte Primitivo*, de Franz Boas; *Historia de la Etnología*, de Lowie; *Una teoría científica de la cultura*, de B. Malinowski; *Análisis de la Cultura*, de Julio Caro Baroja; e *Las grandes culturas de la Humanidad*, de Rulph Tuner; *Antropología cultural*, de Lowie; *Las fuentes de la civilización*, de Huntington; *Vida e historia de las culturas*, de Karl Birket Smith; *Lenguaje y realidad*, de W. M. Durban; *La teología de los primeros filósofos griegos*, de W. Jaegger; *La aparición del*

hombre, de Theilard de Chardin; *Kant, vida y doctrina*, de E. Cassier... E como testemuño da súa amplitude cara a Europa temos a revista “Paideuma”: *Heransgegeben für die Deutsche Gesellschaft für Kulturmorphologie* vom Froebius Institut, ano IV, Frankfurt am Main.

Estas realidades do arqueólogo galego conectan coa Escola de Baden ou Filosofía dos Valores, e en especial na figura de Henrique Rickert (1863-1936). En primeiro lugar el distingue entre natureza e espírito; en segundo lugar, os conceptos culturais son sempre individuais; en terceiro, o que caracteriza á ciencia cultural é a referencia a un valor. Os obxectos culturais constitúense por referencia a valores. E atendamos: se a un obxecto natural se lle retira o valor, este queda reducido a mera natureza. Moi propio do pensamento de Rickert é que se os valores non son realidades físicas nin psíquicas enlázanse no entanto coas realidades. Para o filósofo alemán a súa esencia consiste na súa vixencia, non na súa facticidade. Seguindo o curso da súa filosofía, hai dúas formas de individualidade: a multitude homoxénea de obxectos individuais e aqueles individuos que no curso da civilización contribuíron á promoción de valores.

Este bosquejo de racionalidade aplicado ao mundo axiolóxico pode ser enchido co mundo dos petróglifos galegos. Sérvenos de exemplo: as insculturas rupestres que están inscritas en rochas se se lles suprimisen os signos que ostentan quedarían convertidos en pura xeoloxía: o tempo da historia e a súa complexa significación é o que lles dá valor. Por outro lado, seguen vixentes os petróglifos. O final da síntese ten que ver co noso arqueólogo: aqueles individuos que co seu esforzo e a súa obra achegaron un interese cara aos petróglifos por parte doutros investigadores e científicos, e por parte da xente en xeral, e o fenómeno sociolóxico é fácil de determinar: converteuse en asunto de minorías preparadas e en asunto de masas un tanto aburridas, pero sempre curiosas ante unha identidade varias veces milenaria. Por algo os domingos son os días máis frecuentes de visitas dos petróglifos. Non só o acontecemento, tamén é a cultura o que lle interesa ao home-biografía, e finalmente a influencia (espiritual, claro). Este é o segredo da súa permanencia post-mortem. É unha permanencia grazas aos froitos do intelecto e

ao esforzo, non grazas á sexualidade que só se fixa na descendencia moitas veces como compensación a carencias.

Funciona o home biografía por interesantes dualidades dialécticas, cuxa síntese supón sempre un claro avance. Así temos: viaxar e vivir, o que supón un enriquecemento para a formación dese home biografía, colócao nunha dimensión nova. Soedade e sociabilidade: primeiro certas privacións, pero despois o xúbilo ao se encontrar con outros semellantes e, porén, distintos, vén así o intercambio e a comunicación; e con isto tamén o sentido da vida aumenta. Outras pólas desta poboada árbore: a vontade e o feito de albiscar (que podemos interpretar como intuír con éxito algo superior). En Ramón Sobriño conecta co seu descubrimento de Gordon W. Childe, e non dubida en agasallar cun libro do sabio inglés a Carlos Paratcha, quen se expresaba así: “Distinguido amigo: recibí el libro de Childe que encuentro interesantísimo sobre todo por la sensación de profundidad que al tiempo sabe dar el autor. Agradecido a su obsequio” (5-VI-55). Outra dualidade é a sensibilidade e sentimentos, o que conduce ao goce da Cultura e a Arte, e o goce e o coñecemento de vivencias claves para a correcta vida humana.

AS ESCAVACIÓNS NA PENÍNSULA DO MORRAZO

Pódese falar das reescavacións do Morrazo, cuxa primeira fase corresponde a Ramón Sobriño Lorenzo-Ruza, como Director das mesmas en 1953, 1956 e 1957. En xuño de 2009 foron visitadas por nós porque o abandono, o deterioro e ata a perda dalgunhas pezas pétreas fixo urxente que se reconstruíse (ou reconstituíse) todo o campo de sepulturas megalíticas integramente. Dirixiu esta segunda fase o arqueólogo Castro Carrera, quen positivou todos os clisés que Sobriño sacara de xeneralidades, pormenores e pezas dunha Escavación que é famosa en Galicia polo rigor e a modernidade, por unha parte, e polos enxovais obtidos (parcialmente está publicada). Ademais de lle prestar os clisés para a súa positivización, dínlle todo tipo de datos oralmente, ata onde eu sabía. Consérvanse ao redor dun centenar de negativos: un tesouro gráfico daquela empresa arqueolóxica protagonizada por el, Alonso del Real e A. García Alén. Teño no-

vas de que entre os tres había un ambiente moi agradable.

Transcribo agora dúas cartas de Alfredo García Alén a Ramón Sobriño:

“Patronato del Museo de Pontevedra, 4 de Abril de 1957. Querido Ramón: Me crearás tan fresco como para haber hecho caso omiso de tu petición. No quería pasarme el trabajo de hacer la lista y correr el riesgo de hacer mal la elección de localidades... cuando estaba terminado de imprimirse la Carta Arqueológica de la Provincia. Dentro de unos días te mandaré un ejemplar de capillas; hoy te adjunto pruebas a mano de los primeros mapas, y dentro de poco, tan pronto los mande el taller de fotograbado, seguirán los demás. Pídeme las aclaraciones que quieras, pues estoy a tu disposición. Recuerdos a todos esos amigos y un abrazo de Alfredo”.

Esta carta tivo resposta o 8 de abril dese ano. Outra carta reza así:

“Patronato del Museo de Pontevedra, 19 de Agosto de 1957. Mi querido amigo: Acabo de recibir y pasar al tomo de adiciones las notas y correcciones que nos has enviado. Agradecidísimo. Esperamos con verdadera impaciencia tu llegada el próximo mes, a fin de poder añadir a nuestras colecciones los objetos hallados en Morrazo, que son, precisamente, de los tipos que no posee el Museo. Saludos del Sr. Filgueira. Recibe un abrazo de tu amigo Alfredo”.

Pouco tempo despois do pasamento do arqueólogo Sobriño, o profesor Alonso del Real declarará nunha entrevista que Ramón Sobriño era o que máis sabía do mundo dos petróglifos e da cultura megalítica.

Hai algún tempo apareceron na casa algúns sobres daquelas memorables xornadas. Transcribo:

“Mámoa nº 5 Carbón interior [letra de Alonso del Real]. Vilaboa. Chan de Castiñeiras. Mámoa nº 6. Nivel de tierra negra. 28-VII-56. La piedra del molino salió Alsc (Sic) [letra de Alonso del Real]. Mámoa nº 5 Exterior. Carbón. 24-VII-56. 5 piezas de cerámica y una negra (No hay letras). Mámoa nº 5. Montículo exterior. 21-VII- por la mañana. Y anotaciones arqueológicas de Carlos Alonso del Real. Hachas con asas. Neolítico formativo [e unha palabra ilexible]. Mámoa nº 2. Carbones. Restos de madera fósil a 2 mts”.

Pouco máis engade ou pouco engaden ao valioso enxoval que agora se exhibe nunha ampla vitrina no Museo de Pontevedra. De novo –como noutra publicación xa o dixen– fun eu o único xestor de que estes materiais ingresasen no Museo. As dúas cartas que agora publicamos expresan moi ben o proceso e o paradoiro final deste enxoval singular. Velaquí están:

“Carlos Alonso del Real, Catedrático-Jefe de este Departamento, hago constar que las piezas conservadas de las Excavaciones de tres túmulos dolménicos de la Península del Morrazo, realizadas bajo la dirección de Don Ramón Sobriño Lorenzo-Ruza, que en la actualidad se encuentran en una vitrina de este Departamento de Prehistoria, constituyen un depósito creado por los herederos de D. Ramón Sobriño, para que las piezas puedan ser debidamente estudiadas y conocidas. Para que así conste, firma la presente en Santiago de Compostela a 2 de Junio de 1976. Fdo. C. A. del Real [vai acompañado por dous selos orixinais a cor]”.

Provisionalidade e recordo, obxectos imprescindibles para a ciencia arqueolóxica, exemplo para as novas promocións, estas pezas falan sempre dende os vidros da xeografía de Galicia nunha síntese de entusiasmo e método, de labor de campo e de disciplina intelectual, e do froito obtido durante unha época dura e difícil para a situación da posguerra e, en particular, da Cultura Galega.

A interconexión de entidades culturais sempre funcionou ben en Galicia, como un apoio tácito fronte ao ambiente político do franquismo e militar sempre nervioso e con complexos perante a esplendidez da cultura. Os cohibidos do “Régimen” eran ademais enganados dende sutís e eficaces estratexias para seguir traballando sen (re)cortes e, igualmente, sen que os molestasen. Os “vivas” do fútbol quedaban taponados polo soberano silencio das bibliotecas, cos seus ficheiros e o fluír de páxinas nun labor incesante e calado: aí fica a inmensa bibliografía ao longo de 40 anos, *a pesar de eles*. Está por facer unha historiografía do esforzo, da vontade, das consecucións, dos soños e das ilusións, que hoxe constitúen os alimentos terrestres (que diría André Gide) para as novas xeracións.

Foi o primeiro que aplicou a Edafoloxía nunhas escavacións megalíticas, adiantándose así a estes tempos. Di:

“Se hace análisis polinológico de la tierra extraída del túmulo, del que se dedujo la existencia de bosque de robles, alisos y abedules, en el paisaje de la época en que se levantó la mámoa, con un sotobosque como el actual”.

O modelo magnífico temos que atopalo nos “Planos de la excavación de la Mámoa de Chan da Arquíña”, publicado no *Noticario Arqueológico Hispánico* e no *Inventario de Monumentos Megalíticos* (Pontevedra 1977). Na páxina final (a 82) lese o seguinte apuntamento:

“Los materiales inéditos obtenidos en la excavación de mámoas en la zona de Morrazo, dentro del Plan General de Excavaciones, que tenía en depósito para su estudio R. Sobriño Lorenzo-Ruza, no han ingresado todavía en el Museo de Pontevedra, al haber fallecido este gran investigador”.

A recepción, a benvida estritamente ás pezas estaba próxima, e en gran parte grazas á miña xestión. Leamos a carta de Filgueira Valverde ao respecto:

“Este Patronato del Museo de Pontevedra agradece vivamente su atenta carta comunicándonos su decisión y la de sus hermanas de que se incorporen al Museo de Pontevedra los materiales de las excavaciones realizadas por su llorado hermano Ramón, ejemplar investigador, que con tanto entusiasmo cooperó en las tareas arqueológicas de nuestra institución.

Le ruego transmita a toda esa familia el testimonio de nuestra gratitud y, al recibirlas o tener respuesta del Departamento de Arqueología de la Universidad, les tendremos al corriente de la marcha de la gestión que esperamos, fundamentalmente, no encuentre dificultades.

Reciban con este motivo la manifestación de consideración que guardamos a esa familia tan querida de los Pontevedreses y a cuyos miembros tanto debe nuestra cultura en los más diversos aspectos.

Dios guarde V.S. muchos años.

Pontevedra, a 24 de Septiembre de 1980.

El Director José Filgueira Valverde [Asinado e rubricado].

Sra. Doña María Jesús Sobriño Lorenzo-Ruza de Núñez Acuña. Pontevedra”.

O cumprimento quedaba así marabillosamente instalado algunhas décadas despois da maldita morte. Despois das convulsións de dor, o exercicio do pracer intelectual. Contábame Antonio de la Peña que esta colección deixou apampados ao por aquel entón Ministro de Cultura Xavier Tusell. Unha escavación mítica cobraba xa, por fin, unha espléndida obxectividade.

Se Museo amigo era o de Pontevedra, tamén o era o de Lugo, e concretamente na persoa de Vázquez Seijas. O Museo de Lugo representaba unha identidade ben coñecida polo noso arqueólogo, pois alí conservan catro pezas de baldaquino que a comezos de século estiveron dentro da igrexa de Santa Mariña das Fragas (segundo un apuntamento de Enrique Campo Sobriño en 1908), e non esquezamos que a “Pedra da Boullosa” se atopa nesta freguesía, espazo das atentas excursións do seu pai e despois de el mesmo, así como tamén unha capela no interior dun pazo na mesma Santa Mariña das Fragas. Un testemuño máis de que os bens patrimoniais das parroquias galegas están conectados entre eles.

É necesario dar un dato sobre o noso arqueólogo: o seu enorme interese pola Etnografía, a Etnoloxía e o Folclore. Por algo pertencía á *Sociedad Española de Antropología, Etnografía y Prehistoria*. Esta inquietude levábao a apuntar calquera aspecto significativo e ancestral da nosa cultura rural galega espallada nas proximidades dos petróglifos, os castros e as mámoas, e que el coñecía por experiencia vivencial directa ou por libros específicos como *A Parroquia de Velle* (S.E.G. 1936). Sirva de exemplo a seguinte cita:

“Piñeiro. Paredes. Río Armoas. Río Villastris. Rojos. Monte Sn. Miguel. (Capilla. Iglesia Parroquial. San Miguel). Carretera de Noya. Valle de la Amahía. Adornos de un hórreo. P. delante. P. trasera. (Dos dibujos de él a tinta en la página en blanco –inicio- de un libro). Carretera del Ulla. Hasta el Pico Sacro. Regato Pajuela. Río Busacos. Puente Bellotes. Ardariz. Picota. Lestedo. Carretera a las Cruces”.

